

**3942** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto lei 1/2005, do 4 de febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os danos ocasionados no sector agrario polas xeadas acaecidas no mes de xaneiro de 2005. («BOE» 59, do 10-3-2005.)*

Advertidos erros no Real decreto lei 1/2005, do 4 de febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os danos ocasionados no sector agrario polas xeadas acaecidas no mes de xaneiro de 2005, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 3 en lingua galega, do 1 de marzo de 2005, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 480, primeira columna, no parágrafo segundo do artigo 2, onde di: «...contra o risco de xeadas nas dúas campañas anteriores.», debe dicir: «...contra o risco de xeadas na campaña anterior.».

Na páxina 481, primeira columna, no parágrafo segundo do artigo 6.2, onde di: «...dos cultivos leñosos asegurados que sufrisen danos en madeira, non previstos nas liñas de seguros agrarios combinados.», debe dicir: «...dos cultivos leñosos que sufrisen danos en madeira.».

## MINISTERIO DE FOMENTO

**4020** *ORDE FOM/555/2005, do 2 de marzo, pola que se establecen cursos de formación en materia de prevención e loita contra a contaminación nas operacións de carga, descarga e manipulación de hidrocarburos no ámbito marítimo e portuario. («BOE» 60, do 11-3-2005.)*

O Real decreto 253/2004, do 13 de febreiro, regula os medios de prevención e loita contra a contaminación mariña que deben estar dispoñibles en todas as operacións de carga, descarga ou manipulación de hidrocarburos, en cumprimento das obrigas contraídas polo Reino de España ao ratificar o Convenio internacional de cooperación, preparación e loita contra a contaminación por hidrocarburos de 1990, coñecido pola sigla OPRC 90.

A disposición de medios técnicos adecuados para facerlle fronte a un derramo destes produtos non garante en por si o éxito na loita contra a contaminación, se as persoas encargadas deles e as que, en distintos niveis de responsabilidade, deben dirixir grupos de resposta, non teñen os coñecementos teóricos e prácticos necesarios.

O propio Convenio OPRC 90 reconece esta necesidade no seu artigo 6, xa que, ao describir o contido dun Sistema Nacional e Rexional de preparación e loita contra a contaminación, determina que debe existir un programa de exercicios para as organizacións de loita contra a contaminación por hidrocarburos e de formación do persoal pertinente.

Por iso, o citado real decreto, no seu artigo 9, preceptúa que o persoal das empresas a que afecta esa norma, que estea adscrito a postos en operacións de prevención e loita contra a contaminación, deberá superar os cursos de formación que estableza a Dirección Xeral da Mariña Mercante mediante unha disposición complementaria.

Por outro lado, na disposición derradeira segunda deste real decreto facúltase o ministro de Fomento para ditar as disposicións necesarias para a súa aplicación.

Na súa virtude, dispoño:

Primeiro. *Obxecto e cursos de formación.*

1. Esta orde ten por obxecto establecer os cursos de formación para os operarios e o persoal técnico adscrito a operacións de prevención e loita contra a contaminación por hidrocarburos no ámbito marítimo e portuario, de acordo coa experiencia internacional sobre a organización da resposta en sucesos de contaminación mariña e atendendo á estrutura básica establecida para os plans interiores de continxencias contida no anexo I do Real decreto 253/2004, do 13 de febreiro, así como ás condicións exixibles aos centros que os impartan.

2. Os cursos de formación serán os seguintes:

- a. Nivel operativo básico.—Dirixido a operarios e técnicos de formación profesional.
- b. Nivel operativo avanzado.—Dirixido a xefes de grupo con formación universitaria de grao medio.
- c. Nivel superior de dirección.—Dirixido a directivos con formación universitaria de grao superior.

3. O contido e a duración de cada un dos cursos é o que figura no anexo desta orde.

4. Os cursos serán impartidos en centros homologados pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, ben nas súas propias sedes ou noutros centros concertados, sempre que estes últimos implantasen un sistema de calidade do ensino certificado por un organismo ou entidade de normalización e acreditación autorizado pola administración competente.

Segundo. *Homologación dos centros de formación.—Os centros de formación, públicos ou privados, interesados en impartir os cursos establecidos por esta orde, deberán solicitarlle previamente á Dirección Xeral da Mariña Mercante a súa homologación, para o que se establece o procedemento seguinte:*

a. Os mencionados centros presentaranlle á Dirección Xeral da Mariña Mercante unha memoria na cal desenvolverán de forma pormenorizada o contido de cada un dos cursos para os que se solicita homologación, identificando as persoas responsables da súa dirección, o cadro de profesorado coas súas titulacións e currículos, así como unha relación do material didáctico dispoñible.

b. Os centros de formación a que se refire este artigo deberán acreditar a implantación dun sistema de calidade do ensino, certificado por un organismo ou entidade de normalización e acreditación autorizado pola administración competente.

c. Con carácter previo á resolución sobre a solicitude do outorgamento da homologación dun curso determinado, a Dirección Xeral da Mariña Mercante comprobará que o solicitante dispón dos medios humanos e materiais idóneos para a realización do curso.

d. A Dirección Xeral da Mariña Mercante outorgará, no caso de que estes medios se consideren adecuados, a homologación do curso específico por un período de cinco anos renovables, estando suxeita a súa validez ao mantemento das condicións orixinais.

e. A renovación da homologación estará condicionada ao resultado dunha auditoría externa do seu sistema de calidade e á comprobación pola Dirección Xeral da Mariña Mercante do cumprimento das devanditas condicións orixinais.

Terceiro. *Desenvolvemento dos cursos polos centros de formación.*

1. Os centros de formación a que se refire esta orde deberánlle comunicar á Dirección Xeral da Mariña Mercante, con polo menos unha semana de antelación, o lugar, centro e datas de inicio e finalización dos cursos, así como a distribución do contido de cada curso nas datas previstas para o seu desenvolvemento.

2. Os alumnos poderán optar por realizar un curso completo, incluídas as prácticas correspondentes, ou por

cursar de forma independente os módulos que o conforman; neste último caso non poderán obter o certificado final de curso a que se refire o punto sexto desta orde, ata non teren superados todos os módulos que o compoñen ou teren obtido unha validación dos non cursados, de acordo co establecido no punto quinto.

3. Os centros homologados establecerán as correspondentes probas de avaliación para cada un dos módulos que compoñen os cursos de formación a distintos niveis mencionados no punto primeiro desta orde. A cualificación dos alumnos nas citadas probas será de apto ou non apto.

4. Os centros homologados expedirán para os alumnos que superasen as probas de avaliación o correspondente certificado en que se especifique o curso superado ou, de ser o caso, os módulos correspondentes ao devandito curso. O mencionado certificado poderá ser expedido no modelo habitual que utilice o centro, sempre e cando estea asinado polo coordinador do curso e o director do centro.

5. Finalizado cada curso, os centros homologados deberán remitirle á Dirección Xeral da Mariña Mercante, nun prazo non superior a setenta e dúas horas, preferiblemente por fax ou correo electrónico, a lista dos alumnos que superasen o curso. Nun prazo non superior a oito días laborables a partir da finalización do curso, o centro remitiralle á Dirección Xeral da Mariña Mercante unha acta do curso realizado, en que figurarán os seguintes datos:

- a. Nome do centro homologado.
- b. Nome e enderezo do centro onde se impartiu o curso, se este é diferente do anterior.
- c. Curso realizado.
- d. Data de comezo e final do curso.
- e. Relación de alumnos que superaron o curso completo, incluíndo o número do seu documento de identidade e a cualificación obtida.
- f. Relación de alumnos que superaron determinados módulos do curso, incluíndo o número do seu documento de identidade, os módulos superados e a cualificación obtida en cada un deles.
- g. Data de emisión da acta.
- h. Sinatura e pé de sinatura do coordinador do curso.
- i. Sinatura e pé de sinatura do director do centro homologado.
- j. Selo do centro homologado.

#### Cuarto. *Suspensión ou retirada da homologación.*

1. A Dirección Xeral da Mariña Mercante poderá inspeccionar os centros de formación co obxecto de comprobar o cumprimento do establecido nesta orde, suspendendo temporalmente ou retirando a homologación cando se comprobe que as condicións que serviron de base para o seu outorgamento, ou o desenvolvemento dos cursos ou as probas de avaliación, foron incumpridas ou modificadas de forma substancial.

2. A suspensión temporal deberá ir precedida dun apercibimento cun prazo de tres meses para emendar os incumprimentos observados. Transcorrido este prazo sen demostrar a corrección dos motivos do incumprimento, procederase á retirada da homologación.

3. A retirada da homologación efectuarase mediante resolución do director xeral da Mariña Mercante de forma motivada. Contra esta resolución poderase interpoñer o recurso administrativo procedente, conforme o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A retirada da homologación poderase producir por algún dos seguintes motivos:

- a) Incumprimento das condicións de homologación.

b) Impartición do curso ou realización de probas de aptitude cuns niveis de exigencia ou de calidade inadecuados.

c) Falta de presentación polo centro do informe de auditoría externa e independente do seu sistema de calidade.

#### Quinto. *Validación de cursos ou módulos.*

1. As persoas que realizasen un curso específico de loita contra a contaminación nun centro nacional ou estranxeiro poderán solicitarlle á Dirección Xeral da Mariña Mercante a súa validación por algún dos cursos ou módulos concretos especificados nesta orde. Para tal fin, deberásele xuntar á solicitude unha certificación do centro onde se realizou o antedito curso, que especifique as materias deste e as prácticas realizadas.

2. En vista da documentación achegada, a Dirección Xeral da Mariña Mercante resolverá, se procede, conceder a validación e a cal dos cursos ou módulos mencionados no anexo desta orde correspondente.

3. Contra a citada resolución poderase interpoñer o recurso procedente, de acordo co disposto na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Sexto. *Certificado final.*

1. Ao persoal que supere os cursos e as probas de avaliación que se establezan de acordo co contido teórico-práctico que figura no anexo desta orde, expediralle o correspondente certificado a Dirección Xeral da Mariña Mercante.

2. No caso de que o interesado cursase módulos independentes dun determinado curso, non se lle expedirá o certificado de final de curso ata que non probe, mediante as correspondentes certificacións dun centro de formación homologado ou, de ser o caso, os correspondentes certificados de validación, que superou todos os módulos e prácticas establecidos para o curso en cuestión.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 2 de marzo de 2005.

ÁLVAREZ ARZA

## ANEXO

### **Estrutura e contido dos cursos de capacitación e exercicios prácticos para os operarios e persoal técnico adscrito a operacións de prevención e loita contra a contaminación por hidrocarburos en portos e terminais marítimos**

#### 1. Estrutura dos cursos de formación.

a. Os tres cursos mencionados no punto primeiro da orde terán un módulo común sobre cuestións básicas relacionadas co comportamento dos hidrocarburos no mar, os seus efectos sobre o ecosistema e os métodos para combatelos.

b. Unha segunda parte estruturarase en diversos módulos cos contidos específicos de cada nivel.

1) No nivel operativo básico tratarase dos sistemas de prevención, contención e recollida de derramos, o equipamento necesario, mantemento e reparación de equipos; así como prácticas cos devanditos equipos.

2) No nivel operativo avanzado tratarase, ademais, sobre as técnicas de dirección dos equipos humanos de resposta e cuestións loxísticas.

3) O nivel superior de dirección desenvolverá conceptos imprescindibles para todo directivo, a toma de

decisións, a formación e dirección dun gabinete de crise e as técnicas relacionadas coa información e as relacións públicas.

## 2. Contido mínimo dos programas de formación.

a. Módulo común.—Terá unha duración mínima de 8 horas lectivas, de acordo co seguinte programa:

Accidentes marítimos no transporte de petróleo. Contaminación por hidrocarburos e substancias químicas. Técnicas de loita contra a contaminación por hidrocarburos. Técnicas de loita contra a contaminación química. Avaliación da contaminación nos portos e nas costas. Técnicas de limpeza nos portos e nas costas. Protección de zonas sensibles.

b. Nivel operativo básico.—Terá unha duración mínima de 8 horas lectivas, de acordo co seguinte programa:

Sistemas e técnicas de resposta: equipos de loita contra a contaminación por hidrocarburos: cercos, barreiras, skimmers, produtos para combater derramos de hidrocarburos, vantaxes e inconvenientes. Criterios para a utilización de distintos medios e produtos. Procedementos de utilización. Limpeza e conservación de equipos. Precaucións básicas. Límites operativos e criterios de utilización de equipos en portos e costas. Efectos de mareas e correntes. Conexións de barreiras e utilización cos distintos tipos de skimmers. Sistemas de fondeadura. Sistemas de interconexión de equipos. Nocións de xestión de residuos perigosos.

c. Nivel operativo avanzado.—Terá unha duración mínima de 16 horas lectivas e estará composto polos seguintes módulos:

1) Sistemas e técnicas de resposta.—Equipos de loita contra a contaminación por hidrocarburos: cercos, barreiras, skimmers, produtos para combater derramos de hidrocarburos, vantaxes e inconvenientes. Criterios para a utilización de distintos medios e produtos. Procedementos de utilización. Limpeza e conservación de equipos. Precaucións básicas. Nocións de xestión de residuos perigosos e de fichas de datos de seguridade.

2) Organización e dirección de equipos humanos.—Clases de equipos humanos de resposta e os seus cometidos nunha operación de loita contra a contaminación. Coordinación de operacións. Asignación de cometidos e distribución de quendas de traballo. Comunicacóns. Partes operativos. Cobertura loxística.

d. Nivel superior de dirección.—Terá unha duración mínima de 20 horas lectivas e estará composto polos seguintes módulos:

1. Organización e dirección de equipos humanos.—Clases de equipos humanos de resposta e os seus cometidos nunha operación de loita contra a contaminación. Coordinación de operacións. Asignación de cometidos e distribución de quendas de traballo. Comunicacóns. Partes operativos. Cobertura loxística.

2. Toma de decisións.—Organización e cometidos dun consello de dirección. Organización e cometidos dun centro de operacións. Organización e cometidos dun comité técnico asesor. Consideracións ambientais, técnicas e loxísticas na toma de decisións.

3. Relacións públicas e medios de comunicación.—Consideracións xerais sobre a relación cos medios de comunicación. Relacións coas administracións públicas competentes. Elaboración de comunicados de operacións. Organización e desenvolvemento de roldas de prensa.

4. Implicacións legais.—Convenios internacionais e lexislación nacional relativa a sucesos de contaminación mariña. Implicacións legais na toma de decisións.

3. Exercicios prácticos.—O programa teórico será completado cun período de prácticas, cunha duración mínima de 4 horas, consistente en exercicios adaptados a cada nivel, no cal se porán a proba os coñecementos teóricos adquiridos en cada curso de formación. O contido básico de cada período de prácticas para cada nivel será o seguinte:

1. Nivel operativo básico.—Despregamento, recollida e remolque de barreiras e cercos. Montaxe de barreiras deflectoras. Sistemas de fondeadura de barreiras, segundo as condicións meteorolóxicas, tanto de vento como de correntes. Sistemas de fixación aos atracadoiros mediante compensadores de mareas ou outros sistemas alternativos. Despregamento de barreiras en embarcadoiros e monoboias. Sistemas de despregamento de barreiras en dársenas abertas, na costa e en zonas de corrente. Uso dos distintos tipos de skimmers. Montaxe e desmontaxe de tanques portátiles, tipo fase tank. Manexo dos distintos tipos de bombas portátiles. Aplicación de produtos tensioactivos e material absorbente. Recollida de residuos, clasificación e almacenamento. Construción de almacenamentos temporais de residuos. Técnicas de limpeza e mantemento de equipos.

2. Nivel operativo avanzado.—Resolución de distintos supostos de formación de equipos de resposta, establecemento de quendas de traballo e apoio loxístico.

3. Nivel superior de dirección.—Resolución de distintos casos mediante a formación de gabinetes de crise, seguimento de resultados, toma de decisións, redacción de comunicados e celebración dunha rolda de prensa simulada.

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**4024** *ORDE PRE/556/2005, do 10 de marzo, pola que se modifica a Orde PRE/473/2004, do 25 de febreiro, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se imponen limitacións á comercialización e ao uso de certas substancias e preparados perigosos (éter de pentabromodifenilo, éter de octabromodifenilo).* («BOE» 60, do 11-3-2005.)

O Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, estableceu unha serie de limitacións á comercialización e ao uso de determinadas substancias e preparados perigosos e ditouse consonte a normativa da Unión Europea que regula esta materia. Esta constitúena a Directiva 76/769/CEE do Consello, do 27 de xullo, «relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros que limitan a comercialización e o uso de determinadas substancias e preparados perigosos» e as súas posteriores modificacións e adaptacións ao progreso técnico.

O citado real decreto experimentou numerosas modificacións no seu anexo I, como consecuencia da evolución da normativa comunitaria na materia e da necesidade de aumentar os niveis de protección da saúde humana e do ambiente.

O anexo I parte 1 do dito real decreto inclúe os distintos puntos que se refiren a determinadas substancias ou preparados perigosos, e indica as limitacións que as afectan.

A Orde PRE/473/2004, do 25 de febreiro, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se imponen limitacións á comercialización e ao uso de certas substancias e preparados peri-